

# Liga Galega de Orientación en BTT

## 1ª Proba

# OBTT BRIÓN

# 2013

## Boletín 2

(COMPLEMENTA E REEMPRAZA A O BOLETÍN 1)

**Organiza:** [CLUB DE MONTAÑA FERROL](#)

**Data:** Sábado, 5 de outubro

**Hora inicio:** 09:00: Apertura de recepción.  
Entrega de tarxetas SI  
10:30: Saída dos primeiros corredores

**Mapa:** BRIÓN (FERROL).  
Escala: 1:15000 para tódolos percorridos  
Equidistancia: 5m

O mapa foi elaborado segundo as normas IOF de O-BM a partires do mapa existente de Orientación a pé. O terreo conta cunha ampla rede de camiños e pistas con unha gran variedade en canto a ciclabilidade, o que fará moi importante unha boa elección de percorrido entre balizas.

O traballo sobre o mapa centrouse na actualización da disposición e características dos camiños. A actualización do resto da información, como tipo de vexetación, construcións, etc. non foi tan rigorosa.

En certos puntos os camiños desdóbranse por algúns metros, xeralmente debido a evitar os apozamentos de auga que se forman durante o inverno. Ditos desdobramentos non están indicados no mapa, xa que a escala de este non permitiría unha visión clara do detalle. Só se representan desdobramentos de certa entidade.

**Zona de concentración:** PISTA POLIDEPORTIVA DE BRIÓN

**Cómo chegar:** Dende a Autoestrada A-9, coller a saída a "A Malata". Na primeira rotonda continuar na mesma dirección (2ª saída):



Na segunda rotonda tomar segunda saída (dirección "Aula Reciclaterra"):




Despois da gasoleira tomar o primeiro desvío a dereita pola AC-3608 (dirección aula "Reciclaterra"):



Na rotonda na saída de Valón xirar totalmente para facer o cambio de sentido e tomar a carreteira a Brión:



Seguir esta vía ata a ZONA DE CONCENTRACIÓN na Pista Polideportiva de Brión, que será o punto do que se dará a PRESAÍDA.  
Estará sinalizado dende a saída da A-9.



**Percorridos:** Tódolos federados en orientación a pé ou raid poden competir como federados en Ori-BTT coa mesma licenza nas categorías **júnior, sénior e veteranos** atendendo ós marxes de idades para cada categoría.

O percorrido da categoría de **iniciación longa** será esixente fisicamente (pensado para deportistas afeccionados á BTT).

Perc.	Categoría	NACEMENTO	Dist.(km)	Desnivel (m)	Controis
P.1	Iniciación curta		5,0	75	6
P.2	Iniciación longa		9,8	150	11
P.3	Júnior feminino	1993 OU POSTERIOR	9,4	252	9
P.4	Júnior masculino	1993 OU POSTERIOR	12,2	305	10
P.5	Veterano feminino	1973 OU ANTERIOR	12,2	305	10
P.6	Veterano masculino	1973 OU ANTERIOR	14,7	370	12
P.7	Sénior feminino		14,7	370	12
P.8	Sénior masculino		15,9	415	13

**Saídas:** O xoves día 3 publicaranse en <http://agaco.es> o listado con as horas de saída dos recorridos das categorías oficiais. Establecerase un intervalo de 2 minutos entre saídas a partires das 10:30. Con 20 minutos de antelación darase a presaída a os corredores (corredor con saída as 10:30 terá presaída as 10:10), que disporán dese tempo para facer os 1400m de percorrido balizado ata o punto de saída, onde serán chamados a -3 minutos (corredor con saída as 10:30 será chamado as 10:27).

Para as categorías de Iniciación Curta e Iniciación Longa a saída será na modalidade Estación Start (sen hora de saída fixada, cando os participantes queiran), entre as 10:30 e as 12:30. Non haberá presaída para eles. Dende a zona de concentración poderán saír cando queiran, seguindo o percorrido balizado ata o punto de saída. Haberá habilitado un pasillo só para eles e serán controlados polos xuíces responsables das súas saídas.

**Federados:** Aqueles corredores que queiran entrar no ranking da Liga Galega de Orientación en BTT deberán levar visible o seu dorsal da Liga Galega de Orientación a Pé.

Ademais, deberán levar a tarxeta SportIdent suxeita a bicicleta. Caso de non dispor de yo-yo admitirase unha corda ou similar.

**Inscripcións:** Ata as 22:00 do martes 1 de outubro.

**¡ATENCIÓN!** Control electrónico de tempos por sistema SportIdent. Obligatoria tarxeta SportIdent para tódalas categorías. Asignarase automaticamente unha tarxeta SportIdent en aluguer a quen non indique o número de tarxeta nos datos da inscrición. Prezo aluguer: 3€ (a pagar xunto coa inscrición). A perda da tarxeta suporá o pago do seu custo (30€).

**CLUBS:** A través de <http://agaco.es/intranet>

Enviar o xustificante de ingreso na conta de La Kutxa nº 2101 0491 16 0012874046 a: [raidscmf@gmail.com](mailto:raidscmf@gmail.com)  
No concepto do ingreso poñer: OriBTT (máis o nome do club)

Aqueles clubs que precisen factura, non esquezan enviar os seus datos fiscais.

**INDEPENDENTES:** A través de <http://agaco.es/intranet> ou por correo electrónico:

**Opción 1-A través da intranet de FEGADO**

Rexistrarse como usuario en <http://agaco.es/intranet> e inscribirse na sección EVENTOS: OBTT Brión 2013. Enviar o xustificante de ingreso na conta de La Kutxa nº 2101 0491 16 0012874046 a: [raidscmf@gmail.com](mailto:raidscmf@gmail.com)  
No concepto do ingreso poñer: OriBTT (máis o nome)

**Opción 2-Por correo electrónico**

Enviar a [raidscmf@gmail.com](mailto:raidscmf@gmail.com):

- Nome e apelidos
- DNI
- Percorrido (Iniciación ou Oficial)
- Data de nacemento
- Nº tarxeta SportIdent
- Teléfono de contacto
- Xustificante do ingreso na conta de La Kutxa nº 2101 0491 16 0012874046 a: [raidscmf@gmail.com](mailto:raidscmf@gmail.com). No concepto do ingreso poñer: OriBTT (máis o nome)

**PREZOS DAS INSCRICIÓN:**

- Federados: 3 €
- Iniciación Curta, sen licenza federativa: 5 €
- Iniciación Longa, sen licenza federativa: 6 €
- Percorrido Oficial, sen licenza federativa: 8 €

## OBSERVACIÓNS E RECOMENDACIÓNS:

- Os corredores que compitan en categorías oficiais deberán levar a tarxeta SportIdent suxeita a bicicleta. Caso de non dispor de yo-yo admitirase unha corda ou similar.
- En todo momento o competidor ha de estar en contacto coa bicicleta, (salvo caídas).
- Durante a proba circularase por camiños e algunha estrada aberta a outros usuarios e tamén a vehículos a motor. Polo tanto, haberá que ter coidado para evitar accidentes e cumprir as normas de circulación por estradas.
- O percorrido balizado dende a presaída ata a saída e dende a estación de meta ata o punto de descarga de pinza non están cronometrados. Pregase a tódolos corredores que os fagan con tranquilidade e cumprindo as normas de circulación, xa que ambos discorren totalmente por vías abertas o tráfico.
- É obrigatorio o uso de casco.
- É recomendable levar un soporte para o mapa sobre o manillar da bicicleta.
- Recoméndase levar móbil (só para o seu uso en caso de emerxencia).
- É recomendable levar outra muda e roupa de abrigo.
- Os mapas entregaranse sen plastificar, polo que se recomenda traer funda plástica.
- A competición basease no respecto:
  - Á natureza
  - Aos cultivos e propiedades privadas
  - Ós outros competidores
  - Ás indicacións do persoal da organización
- É obrigatorio ofrecer axuda a calquera participante que se atope en problemas ou mancado.

## ENTIDADES COLABORADORAS:

